

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

31-902 Explotación do Rexistro Vitícola

PROXECTO TÉCNICO

1. Normativa e organización

- Regulamentación comunitaria:

O Regulamento (CE) 491/2009 do Consello, de 25 de maio de 2009, que modifica o Regulamento (CE) 1234/2007 polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas.

O Regulamento (CE) 436/2009 da Comisión, de 26 de maio de 2009 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 479/2008 do Consello no que respecta ao rexistro vitícola, ás declaracións e á recompilación de información para o seguimento do mercado, aos documentos que acompañan ao transporte de produtos e aos rexistros que se levarán no sector vitivinícola.

O Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, de 29 de abril de 2008, que establece a organización común de mercado vitivinícola.

O Regulamento (CE) 555/2008 da Comisión, de 27 de xuño de 2008 polo que se establece as normas de desenvolvemento do regulamento anterior, polo que se establece a organización común de mercado vitivinícola, no relativo aos programas de soporte, o comercio con terceiros países, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola.

O Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas.

- Regulamentación estatal:

O Real Decreto 461/2011 do 1 de abril, polo que se modifican determinados Reais Decretos para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e polo que se regula o potencial de produción vitícola.

O Real Decreto 1244/2008, de 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

O Real Decreto 373/2003 do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola.

A Lei 24/2003 do 10 de xullo, da viña e do viño.

- Regulamentación autonómica:

O Decreto 21/2009 do 29 de xaneiro, polo que se crea a Reserva galega de dereitos de plantación de viñado.

O Decreto 288/2009 do 7 de maio, polo que se establece o procedemento para a regularización de superficies de viñedo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 19 de xuño de 2011 pola que se regulan diferentes aspectos do potencial de produción vitícola.

Para a realización desta operación estatística, desde a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar, e a través do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións, realízase unha consulta restrinxida do Rexistro Vitícola de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, onde se recolle un resumo das explotacións que nese momento constan no rexistro, filtrado por diversos criterios, mostrando totais de número de explotacións, número de parcelas e superficie de viñedo, agrupados en distintos niveis de detalle.

2. Unidades estatísticas

A unidade estatística elemental nesta operación é a parcela de viñedo.

A Parcela de viñedo defínese como a superficie continua de terreo na que un só explotador cultiva vide.

Unha explotación vitícola é un conxunto de parcelas de viñedo pertencentes ao mesmo cultivador.

O titular dunha parcela de viñedo é o que ten ou adquire dereitos de plantación ou replantación sobre a mesma, ben como consecuencia dun dereito de propiedade ou ben porque teña atribuído un dereito de uso e disposición sobre a citada parcela.

3. Variables

As variables a investigar serán:

Superficie: superficie rexistrada en Ha da parcela

Concello: indica o concello no que se atopa a parcela.

Comarca: indica a comarca na que se atopa a parcela.

Provincia: indica a provincia na que se atopa a parcela.

4. Procesamento de datos

O rexistro vitícola inclúe e controla todas as parcelas de Galicia que teñen, ou tiveron nalguna ocasión, plantacións de uva de vinificación. Dito rexistro parte dos datos obtidos dun proceso de carga inicial. Unha vez realizada esa carga, os datos do rexistro vitícola non se modifican directamente, senón que evolucionan sempre a través de expedientes de viñedo que reflicten os distintos procedementos definidos.

A posta en marcha do Rexistro Vitícola a nivel nacional iniciouse en cumprimento da Orde Comunicada do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación de 29 de maio de 1987, que encomendaba á Dirección Xeral de Alimentación a súa implantación en todo o territorio nacional.

Tras a finalización dos traballos e, dada a división administrativa, e polo tanto de competencias, por comunidades autónomas, os traballos de actualización foron encomendadas ás mesmas.

Co obxecto de que o rexistro cumpra os fins para os que foi creado, ademais da súa conservación como arquivo histórico, mantense actualizada a base de datos mediante tres sistemas diferentes:

- Actualización permanente: Producida como consecuencia das solicitudes e declaracións que realiza o viticultor en relación cos arrinques, novas plantacións e replantacións, así como as solicitudes de abandono definitivo do cultivo. A partir de ditas solicitudes modifícanse os datos estruturais da explotación. As modificacións se transmiten continuamente á base de datos centralizada do rexistro.
- Actualización anual: Baséase nas declaracións de colleita, de produción e de existencias realizadas anualmente polo viticultor a través do Organismo Pagador da Comunidade Autónoma.
- Actualización periódica: Según incidencias, con motivo de detectar plantacións ilegais e actualizar características estruturais da explotación no que se refire a parcelas que a integran, titularidade, seguimento e control de primas, etc.

A base de datos do Rexistro Vitícola proporciona unha ampla información, tanto de características agronómicas e de propiedade, como de referencias xeográficas de todas as parcelas con viñado existentes no ámbito da comunidade autónoma.

Está estruturada nun sistema gráfico e outro alfanumérico, sendo a subparcela* con viñado e a súa referencia catastral composta por: municipio, polígono, número de parcela e subparcela*, o campo clave que permite relacionar ambos sistemas dentro de cada provincia.

O sistema alfanumérico componse de tres ficheiros por provincia e contén información referente a situación e dereitos de parcela, variedade (ou variedades e as súas porcentaxes), portaenxerto, cultivo asociado se o hai e as súas características, ano de plantación, marco de viña e densidade de plantación, rega, superficie, zona de produción, produción e destino da produción (viño de calidade, de mesa, etc.), modo de explotación, propietario e empresario agrícola ou viticultor.

En particular, o primeiro deles contén os datos agronómicos da parcela e o código da explotación provincial donde se engloba dita parcela así como o código do propietario da mesma. O segundo ficheiro contén os datos sobre o empresario viticultor: persoa física ou xurídica que cultiva a explotación. O terceiro ficheiro contén datos persoais sobre os propietarios de parcelas que non cultivan as explotacións xa que as teñen en arrendamento, parcería, etc.

A extracción de datos realizarase anualmente, sendo a data de referencia o 31 do mes de xullo. Empregarase esta data xa que a campaña vitícola vai do 1 de agosto ao 31 de xullo do ano seguinte.

A depuración dos microdatos será manual, cotexando a información coa do ano anterior e revisando aqueles casos nos que se atopen discrepancias importantes.

Teranse en conta todas as parcelas inscrita no rexistro con independencia do seu tamaño.

Como non se prevé a ausencia de datos, non se considera necesario realizar ningún tipo de imputación.

*Subparcela: unha parcela pode conter varias subparcelas, que son porcións de terreo con diferente tipo de cultivo.

5. Deseño da explotación de datos do rexistro

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para Galicia, provincias, comarcas e concellos.

As variables a presentar como resultado da explotación serán as seguintes:

- Número de parcelas de viñado: defínese como o número de parcelas dedicadas ao cultivo da vide e inscritas no rexistro vitícola.
- Superficie vitícola: é a superficie ocupada polas parcelas de viñado medida en Ha.
- Media de superficie por parcela

Deste xeito terase unha idea clara da distribución xeográfica das parcelas dedicadas a viñado de vinificación.

Neste caso os datos que se faciliten serán sempre definitivos, non procede a obtención de datos avance nin provisionais.

Na difusión dos informes resultantes da explotación do rexistro vitícola terase en conta o segredo estatístico.

ANEXO I: Documentación

- Ficha do rexistro vitícola:



REGISTRO VITÍCOLA DE GALICIA (R.V.)
(Artigo 20 do Regulamento (CE) nº 1493/1999, do Consello de 17 de maio, OCM-Vitivinicola)
FICHA DE EXPLOTACIÓN VITÍCOLA PROVINCIAL
 Provincia: _____ Data de emisión: _____

Código de explotación vitícola : **PR/CON/99999**
 (CODEV)

I-PARCELAS DE VIÑEDO QUE CONSTITUEN A EXPLOTACIÓN VITÍCOLA

LOCALIZACIÓN DAS PARCELAS CON VIÑEDO							SUPERFICIE VITÍCOLA			PRODUCCIÓN E PLANTACIÓN					RÉXIME DE TENENCIA				
Cód. Prov.	Cód. Concc.	Concello	Parroquia/ Paraxe ou lugar/ Nome da finca	Referencia			S / D	Ha.	a.	ca.	Zona de produción vitícola	Ano de plantación	VARIETADES				Destino da produción	Nome e apelidos do propietario Código do propietario DNI/NIF/CIF	R.T
				Polygono	Parcela	Sub							Principal	%	Restantes	%			
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

II-RESUMO DAS SUPERFICIES VITÍCOLAS DA EXPLOTACIÓN		Ha.	a.	ca.
Superficie para vinificación de viños de calidade -V.C.P.R.D.:	
Superficie para vinificación de V.T.-Viño da Terra:	
Superficie para vinificación de V.M.-Viño de Mesa:	
Outras:	
Superficie de viñado abandonado:	
Superficie de viñado cultivada:	
Dereitos:	
Potencial vitícola total:	

S/D: Sobre o terreo ou en dereitos: 0 -Viñado abandonado, 1-Viñado cultivado; 2 - Dereitos;
 RT: Réxime de Tenencia: 1-Propiedade, 2-Arrendamento, 3-Aparcería, 4-Outros.

III-DATOS DO VITICULTOR

Apelidos e Nome ou Razón Social:

D.N.I./N.I.F./C.I.F.:

Enderezo:

Concello: Provincia: Código postal:

Teléfono 1: Teléfono 2:

Correo electrónico:

